

ANPA AS BRAÑAS CEP VENTIN  
Ficticio  
LUGAR VENTIN 0  
BIDUIDO  
15895 Ames A Coruña

## NOTIFICACIÓN

Para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, comunícolle que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2020, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DAS AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLAS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2018.**

**EXPEDIENTE GESTDOC 3487/2020**

*Por decreto da Alcaldía 847/2020, do 08.04.2020, aprobouse a convocatoria de subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo polas ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames, exercicio 2018, dando aprobación as bases reguladoras*

*As ditas bases foron publicadas no BOP número 82 do 08.06.2020 e na Base Nacional de Subvencións (BDNS).*

*Dentro do prazo de presentación de instancias, sinalado no punto 6.2 das bases da convocatoria, as entidades que presentaron solicitude en prazo foron as seguintes:*

ANPA	CIF	ENDEREZO
ANPA CEIP AGRO DO MUÍÑO	G70130216	AS CORTES, 15220, ORTOÑO
ANPA A MADALENA	G15956147	PRAZA DA MADALENA, 16, 15895, MILLADOIRO
ANPA CEIP A MAIA	G15344450	AVDA. A PEREGRINA 37, 15220, BERTAMIRÁNS
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	LGAR. VENTIN, S/N, 15895, BIDUIDO, AMES
ANPA IES PLURILINGÜE DE AMES	G15608698	AVDA. DA PEREGRINA, S/N, 15220, BERTAMIRANS
ANPA DO IES DO MILLADOIRO - ANPAMILLA	G70386644	TRAVESÍA DO PORTO S/N, 15895, MILLADOIRO
ANPA MILLAPEQUES	G70133152	TRAVESÍA DO PORTO, S/N, 15895, MILLADOIRO
ANPA SAN MAURO	G15357767	BAROUTA S/N, 15229, AMES

*Algunhas das ANPAS (que a continuación se indican) foron formalmente requiridas para que procederan á emenda das súas solicitudes:*

ANPA	CIF	ASPECTO A EMENDAR
(...)		
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	<p><b>1.- Importes que se poden subvencionar:</b> En ningún caso se subvencionarán actividades nas que os importes dos ingresos recibidos polas ANPAS para unha actividade determinada, sexan iguais ou superiores ao gasto imputable á dita actividade. Subvencionaranse unicamente os importes achegados pola ANPA, é dicir, a diferenza entre os gastos da actividade e os ingresos recibidos.</p> <p><b>2. Anexo I:</b> Deberá achegar novamente este anexo, tendo en conta o especificado no apartado 1 deste escrito sobre os importes que se poden subvencionar.</p> <p><b>3. Memoria:</b> Deberá achegar novamente a memoria, tendo en conta o especificado no apartado 1 deste escrito sobre os importes que se poden subvencionar.</p> <p><b>4. Anexo III:</b> Deberá achegar novamente este anexo, tendo en conta o especificado no apartado 1 deste escrito sobre os importes que se poden subvencionar.</p> <p><b>5. Facturas e xustificantes de pago:</b> De acordo co especificado nas bases da convocatoria, deberá achegar copia dos xustificantes bancarios de pago correspondentes ás facturas de todos aqueles gas-</p>

		tos para os que se solicite a subvención.
--	--	---

Tódalas ANPAS requiridas atenderon correctamente os requirimentos dentro do prazo sinalado a tal efecto.

Tendo en conta que se trata de unha subvención para actividades xa realizadas, procede aprobar a concesión e a xustificación de forma conxunta.

Consta acta de data 02.12.2020 da Comisión avaliadora; informe proposta do órgano xestor e informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 602/2020).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2020), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar a concesión de axudas e as xustificacións presentadas polas entidades solicitantes, co detalle que a continuación, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades levadas a cabo polas ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames no exercicio 2018:

ANPA	CIF	Gastos actividade	Ingresos que financiaron a actividade	Contía achega solicitada	Achega concedida
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	10.731,04€	7.142,13€	3.588,91€	3.000,00€
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)

**Segundo.** Ordenar o pagamento das obrigas, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.48903, que a continuación se indican:

ANPA	CIF	CONTÍA A INGRESAR
(...)	(...)	(...)
ANPA AS BRAÑAS	G15140486	3.000 €
(...)	(...)	(...)

**Terceiro.** Dar traslado aos interesados e aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Cuarto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

”

O que se lle notifica aos efectos oportunos

Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa poderá optar por:

1.- Interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou este acordo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Si se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaída resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que

*deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.*

*2.- Interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa.*

*3.- Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.*

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
29/12/2020 DF-5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA